



Antonio Reigosa, escritor:

“A literatura de tradición oral é a base fundamental da nosa cultura”

Coordina as polafías, un proxecto para a recuperación do patrimonio inmaterial



Actividade: Celebración dunha polafía, reunión de carácter festivo con contidos literarios e musicais.

Data: Sábado, 1 de outubro de 2011.

Hora: 17.00 horas.

Lugar: Local veciñal de Doade (Xirarga, no concello de Beariz)

Organiza: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega coa colaboración dos veciños e veciñas de Xirarga e o patrocinio da Consellaría de Cultura e Turismo.

Coordina: Antonio Reigosa, escritor e divulgador da literatura de tradición oral.

Entrada: Libre e gratuíta.

Texto: Raquel Feijóo.

Ourense, 29 de setembro de 2011.

O local veciñal de Doade en Xirarga, no Concello de Beariz, acolle o sábado, día 1 de outubro, a celebración dunha polafía, unha reunión de carácter festivo na que os veciños e as veciñas da localidade e os seus arredores contarán historias e contos, cantarán coplas e romances e revelarán as tradicións do lugar, todo iso nun ambiente festivo amenizado pola actuación musical das pandereteiras da Alén e que contará tamén coa actuación do contacontos Celso Fernández Sanmartín. A actividade está organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e está coordinada polo escritor Antonio Reigosa co obxectivo de por en valor e recuperar a literatura galega de tradición oral. Segundo Reigosa, iniciativas deste tipo son necesarias porque, na súa opinión, o patrimonio inmaterial “é a base fundamental da nosa cultura”.

A polafía comezará ás cinco da tarde, con entrada libre e gratuíta para todas as persoas que desexen asistir. Reigosa sinala que na reunión intervirán veciños e veciñas da parroquia, unha xuntanza que vai posibilitar un achegamento entre os habitantes do lugar. Segundo afirma, “seguramente, máis dun veciño vai descubrir noutro a súa capacidade para contar historias e lendas ou para cantar un romance”.

Rescatar o valioso patrimonio oral, literario e musical galego



Reigosa explica que a palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais que ten como obxectivo “o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical galego”. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. “A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio”, asegura. Para Reigosa é importante este traballo de recollida e conservación do material, “pero hai algo moito máis importante como é o contacto con estas persoas, a posta en valor do seu coñecemento e a transmisión do seu saber”.

A polafía de Xirarga fai a número 20 das organizadas pola AELG por todo o país dende o ano 2007. Dende o traballo de coordinación da iniciativa, Reigosa sinala que o máis importante “é todo o traballo de organización previa, que nos leva a contactar coas persoas dos distintos lugares amosándolles que o seu saber posúe un gran valor e que eles teñen unha capacidade expresiva inmensa”. O escritor asegura que a literatura de tradición oral “é tan cultura como a outra”, ao tratar os mesmos temas e posuír as mesmas estruturas narrativas. “Hai un fondo común que se expresa de distinta maneira”, sinala. Nesta liña e dende a AELG teñen por obxectivo “conseguir que os transmisores da cultura popular se dean conta do gran valor que ten o que saben e da importancia que é transmitir todo ese coñecemento ás novas xeracións”.

As lendas urbanas con novas historias para as novas xeracións

Existe a crenza de que a cultura popular é rural. Reigosa non a comparte. Segundo explica, “é certo que a pegada do rural é moi forte, pero a cultura popular tamén é urbana. De aí veñen as chamadas lendas urbanas, con novas historias que interesan á xente actual”. A cultura popular, polo tanto e en opinión do escritor, “non desaparece. Cambian os transmisores e os temas, pero segue habendo cultura popular porque é a base, da forma a unha sociedade”. Reigosa sinala tamén que hai unha certa tendencia a desprezar a cultura popular “sen saber que estamos ante o sustento, o que da sentido á nosa cultura”.

Despois da xuntanza de Xirarga, as polafías continuarán en vindeiras datas no Pazo de Tor (Monforte) e en Montealto (A Coruña)
